

# **Proposición de Lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética**

Parlamento de Galicia

6 de setembro de 2017

---

Xoán R. Doldán García

Universidade de Santiago de Compostela

A miña breve exposición vai estar estruturada en función de varios temas que emerxen na lectura da Proposición de lei e que, na miña perspectiva, merecen unha especial atención. Estes temas son:

1. O papel do sector enerxético, e en particular o eléctrico, na economía galega. Por extensión, cabería falar da situación enerxética galega, da existencia ou non dun excedente enerxético e/ou eléctrico e das vías de solución aos problemas enerxéticos actuais
2. Os custes sociais e ambientais derivados do modelo enerxético galego e as posibles compensacións aos mesmos.
3. A problemática do acceso á enerxía pola poboación en xeral e, en particular, polos grupos sociais máis desfavorecidos, e as vías para a súa solución.
4. A tarifa eléctrica actual e posibilidades de tarifas alternativas, entre elas unha específica para Galiza

Non se lles escapa ás señoras deputadas e aos señores deputados que son temas que requirirían un tratamento detido que non permite esta miña presentación de 20 minutos e, con certeza, tampouco o tempo restante para preguntas e respostas. Con todo, tratarei de me achegar a todos estes temas da forma máis precisa posible e respectando os tempos asignados.

Comezarei falando da situación enerxética galega. Esta responde, primeiro, a elementos internos da base física galega (é dicir, as fontes enerxéticas dispoñíbeis), en segundo lugar, ás necesidades internas do metabolismo socioeconómico galego (no que destaca a transformación industrial e o transporte), e, terceiro, á forma en que este se insire no metabolismo socioeconómico español e mundial.

A posición da economía galega na economía española e na mundial obedece, desde unha perspectiva metabólica, ao dunha economía que xoga un papel duplo: unha boa parte da súa industria manufacturadora foise orientando fundamentalmente á fornecer de produtos industriais aos mercados globalizados, ás veces despois dunha importación previa de materiais ou produtos semimanufacturados, mentres que boa parte do seu tecido produtivo serve para fornecer de alimentos e materiais bióticos e como reserva

mineira e enerxética para o mercado español. É dicir, é unha economía máis dependente materialmente do exterior á hora de manter ese duplo papel e cada vez menos orientada a cubrir ás necesidades internas galegas con recursos propios galegos. (Doldán e Villasante, 2015)

Unha parte da demanda interna de materiais ten servido para cubrir o consumo interno, pero outra parte vai dirixido a aumentar o volume de exportacións de materiais pola internacionalización crecente da economía galega, tanto vía importacións como exportacións. Diversos elementos impulsan esta dinámica: o consumo crecente de produtos estandarizados producidos na Galiza ou noutras partes do planeta, e a consolidación e extensión da integración do aparello produtivo galego no sistema produtivo mundial. Como sería demasiado longo enumerar todas as características desta integración, voume referir só a algunha que é especialmente relevante para o tema que aquí nos ocupa. Nas últimas décadas estase a dar unha superposición e consolidación de dúas dinámicas económicas diferentes:

o Actividades que importan materiais sen transformar ou semimanufacturados para logo exportar materiais cun maior grao de manufacturación, **aproveitándose de recursos dispoñíbeis como os enerxéticos, a auga ou o ambiente** (para a deposición de residuos). Estas actividades **dependen das estratexias dos grandes complexos industriais e comerciais internacionais** e do papel que para eles desempeñan en cada momento os centros de transformación localizados en Galiza. De facto, o papel da economía galega na división do traballo internacional mostra signos propios dunha economía dependente convertida nunha sorte de maquila da economía globalizada. Cómpre destacar aquí, polo tema hoxe tratado, o **sector da metalurxia non férrea, é dicir, de transformación do aluminio**. Non en van, a este sector é atribuíbel cando menos o esgotamento da metade do carbón das Pontes para unha das súas factorías, sendo hoxe unha actividade que representa máis da cuarta parte de todo o consumo eléctrico galego e case a metade do consumo eléctrico industrial (INEGA, 2010)

o Actividades que basean as súas exportacións en materiais en bruto ou semimanufacturados procedentes da extracción galega. Son especialmente relevantes os casos de:

- o **sector forestal**, a partir de montes cada vez máis degradados, convertidos cada vez mais en fonte de subministro destinada a cubrir a demanda da industria de pasta papel ou para a exportación en bruto
- a **industria siderúrxica e metalúrxica** de Galiza (como as ferroaleacións) que **requiren, entre outras cousas de abundante enerxía eléctrica e portos mariños** para o transporte da materia prima e do produto elaborado. Supón o 9% do consumo galego de electricidade e un 18% do consumo eléctrico industrial (INEGA, 2010). Ademais, é importante a materia prima dispoñíbel no país

En resumo, unha análise sociometabólica que teña en conta os fluxos materiais e enerxéticos revela unha realidade complexa que pode ficar oculta nunha análise exclusiva das balanzas comerciais da economía galega. O valor, contido e sentido dos intercambios comerciais galegos, tanto en exportacións como en importacións, están interrelacionados e poden vir motivadas por dinámicas externas alleas ás decisións tomadas desde Galiza e para Galiza, podendo obedecer a lóxicas establecidas por grandes complexos empresariais con centros de decisión noutros países. E esas mesmas lóxicas son as que axudan a entender porqué se instalan aquí determinadas empresas ou deixan de facelo, ou porqué os consumos enerxéticos industriais ou sectoriais son os que son e non outros, ou porqué no seu momento se tomaron certas decisións de política enerxética ou industrial ou mesmo porqué se toman agora.

É indubidábel a día de hoxe a capacidade de transformación do sector enerxético en Galiza. Mais esta capacidade dista de poder ser confundida, ao meu entender, como unha oportunidade, ou levarnos a olladas en exceso optimistas. O sector enerxético galego podemos cualificalo como o dun auténtico devorador de enerxía de alta entropía: as crecentes importacións de enerxía primaria (petróleo, gas natural, carbón...) fortalecieron o carácter non renovábel da base enerxética galega. Como esa enerxía primaria debe ser sometida a procesos de transformación para a obtención de enerxía dispoñíbel (electricidade, combustíbeis líquidos, calor, etc) cáusase unha elevada disipación enerxética e, en consecuencia, unha elevada polución atmosférica real, ademais dunha ameaza ambiental constante por mor de posíbeis accidentes. Son tristemente coñecidas as fatais consecuencias das múltiples mareas negras sufridas no litoral galego. E case é mellor nin pensar, as terríbeis consecuencias de accidentes que poderían derivar de instalacións enerxéticas en zonas densamente poboadas como son A Coruña ou a Ría de Ferrol. A isto hai que sumar efectos como o desprazamento poboacional e a ocupación e destrución do territorio en forma de encoros –asolagando vales fluviais de altísima fertilidade-, ou minas de carbón a ceo aberto. Ou outros impactos sociais e ambientais como os derivados do impacto visual de todo tipo de instalacións enerxéticas, incluídos os parques eólicos, contaminación acústica, ou efectos sobre a saúde das persoas. Mais os impactos se derivan non só da xeración de enerxía senón tamén das infraestruturas de transporte ou evacuación da enerxía secundaria obtida. Talvez a enerxía intercambiada no mercado teña repercutido positivamente no PIB do país e, por certo, moito menos no emprego xerado que se ten ido reducindo ao longo do tempo por ser unha actividade intensiva en capital e non en traballo. O que non ten tido esa mesma repercusión no PIB foron eses efectos sociais e ambientais negativos. Ou dito doutro modo, o peso no PIB do sector enerxético é posíbel grazas a eses efectos negativos. Volverei despois sobre esta cuestión.

Outro aspecto a destacar da situación enerxética galega é o carácter cada vez máis extravertido e dependente do modelo enerxético actual. Acho que non é unha esaxeración cualificar ao sector enerxético galego como de enclave. Talvez isto non

sucedía até os anos corenta ou cincuenta do pasado século, mais foi gañando nesa orientación exterior nas décadas posteriores. Na actualidade, malia estar a utilizar un volume importante de recursos propios (en 2015, 2325 ktep, 18% do total), a capacidade de transformación enerxética está movida por importacións crecentes de enerxía primaria (10682 ktep, 82%) para exportar enerxía transformada (expórtanse 3721 ktep, o 37% da enerxía dispoñíbel)(Inega, 2017). De facto o volume da enerxía exportada supera á enerxía primaria con recursos propios galegos. Este carácter extravertido e dependente non desapareceu polo avance na instalación acelerada de parques eólicos ou o reponteciamiento de saltos hidroeléctricos que apenas serviron para manter a capacidade exportadora do sector. Pola contra, a substitución de carbón autóctono por carbón importado, os novos ciclos combinados que necesitan importar gas natural e, en moita menor medida, a importación de materia prima para a obtención de agrocombustíbeis, agravan a natureza de enclave do sector. Se a isto sumamos que o sector enerxético está controlado por unhas poucas empresas oligopólicas de capital non galego e mesmo non español, o carácter de enclave é aínda máis evidente.

Certamente se comparásemos a situación galega con outros territorios ou países en canto ao que se refire ao peso das enerxías renovábeis ou da capacidade de autoabastecemento, deberíamos afirmar que o caso galego é menos preocupante, con todo a dependencia enerxética galega alcanza na actualidade o 82%, sendo do 73% no Estado español –se contamos a nuclear chegaría ao 80%- e do 54% na Unión Europea (Eurostat, 2016). É dicir, tampouco podemos obviar que existe un problema. Outra cousa é analizar as causas desa dependencia e que teñen que ver tanto co consumo interno de certas actividades de gran consumo como, sobre todo, co papel fornecedor de enerxía de Galiza para o resto do Estado español. Ambos repercuten nunha maior necesidade de importacións enerxéticas e nunha maior dependencia. Se eliminamos a parte da dependencia enerxética galega atribuíbel á enerxía dispoñíbel que xerada aquí se consume fóra -as exportacións de enerxía-, a dependencia enerxética galega reduciríase a menos do 7%. No entanto, aínda no mellor dos escenarios, afirmar que a situación galega pode ser vista como máis vantaxosa non converte á situación enerxética galega nunha na que se poida afirmar unha bonanza enerxética, que nin se dá nin é previsíbel no contexto actual de xeración e consumo. Máxime se consideramos que estamos nunha situación mundial de emerxencia enerxética, marcada por fenómenos como o teito de extraccións do petróleo convencional e mesmo do non convencional, ou da ameaza dese mesmo teito de extracción en poucos anos para o gas natural. Esta emerxencia é menor en Galiza, mais existe. Cumpriría pois, desde a miña perspectiva, dar os pasos necesarios para que esa emerxencia se reducise ou desaparecese. Nestas ecuacións de recursos primarios dispoñíbeis e importados, enerxía transformada e consumo enerxético (incluíndo as exportacións) aos que me referín, deberíamos ter en conta varios aspectos:

- Todo aumento da importación de enerxía primaria aumenta a dependencia enerxética do país. En consecuencia, debería tratar de reducirse.
- Todo aumento da transformación de enerxía primaria en enerxía dispoñíbel incrementa a disipación de enerxía –maior se é en base a enerxías non renovábeis-, e supón ademais o aumento de impactos negativos sociais e ambientais de diverso tipo. En consecuencia, debería reducirse ou non incrementar a capacidade de transformación enerxética, en particular das enerxías non renovábeis, e só en condicións de altísima esixencia social e ambiental aumentar das renovábeis.
- Todo aumento da transformación de enerxía primaria en enerxía dispoñíbel require ou ben de máis enerxía primaria importada, ou ben dunha maior explotación dos recursos enerxéticos autóctonos, ou ben o incremento de ambos. No primeiro caso aumenta a dependencia enerxética, no terceiro pode chegar a aumentala, e nos tres casos aumentarían os impactos negativos sociais e ambientais.
- Todo aumento do consumo enerxético final esixe o aumento da transformación de enerxía primaria en secundaria. En consecuencia, debería reducirse o consumo enerxético. Non son suficientes aquí as políticas de eficiencia enerxética, aínda sendo necesarias, polo amplamente coñecido efecto Jevons ou efecto rebote, que fai que esas melloras na eficiencia se salden finalmente cunha redución do consumo de enerxía por unidade de produto, mais cun aumento do consumo total de enerxía. Sería preciso tratar de reducir o montante total de enerxía consumida dentro ou fóra.
- Todo aumento da capacidade exportadora de enerxía ou o seu mantemento nos niveis actuais leva aparellada ou ben un aumento da transformación de enerxía primaria en secundaria, ou ben a redución da dispoñibilidade de enerxía para usos internos e a imposibilidade dun maior consumo interno. En consecuencia, son incompatíbeis as políticas de aumento do consumo interno e de mantemento ou aumento das exportacións, a non ser que se aumente a capacidade de transformación da enerxía primaria.

Polo tanto, non é posíbel reducir a dependencia enerxética e os impactos sociais e ambientais negativos ao tempo que se aumenta a importación de enerxía primaria, se amplía a capacidade de transformación con recursos propios, se incrementa o consumo interno e se manteñen as exportacións. Citando un dito popular: “todo nun saco non colle”. Algo deberá quedar fóra, haberá que optar por un modelo enerxético ou outro, sabendo que un pode empeorar a situación de emerxencia enerxética e outro pode afastarnos dela.

Se nos referimos especificamente á enerxía eléctrica, poderíamos dicir que tampouco serve “medir o pan que temos e o que teremos, polos moletes que saíron do forno e imos vender”. Entre outras cousas tamén conviría saber se imos dispor de fariña e trigo

proprios ou se unha ou outro debemos tamén compralos. De igual modo que sen cereais non temos fariña e sen esta non temos pan, tampouco temos electricidade sen un recurso primario detrás: auga, sol, vento, carbón, petróleo, gas natural... A electricidade é unha das formas en que usamos a enerxía, xunto con combustíbeis líquidos, gases manufacturados ou biomasa, e ten especial importancia na configuración do sector enerxético galego. Galiza exporta enerxía eléctrica desde hai varias décadas, e mantén hoxe esa capacidade de exportación (38% da electricidade xerada en 2015) (Inega, 2017). Agora ben, “o pan semella ser o mesmo, pero o trigo que fai posíbel non”. Se noutros tempos había recursos propios suficientes para manter esa capacidade de exportación, iso mudou radicalmente desde o esgotamento do carbón galego e xa estaba a mudar desde algúns anos antes. Exportamos electricidade porque antes importamos outra enerxía (o 48% da electricidade procede de recursos propios e o resto de recursos importados, sobre todo carbón e gas natural). E nesa transformación entran na ecuación os temas da dependencia enerxética e os impactos sociais e ambientais. Podemos ignoralos na toma de decisións, mais non por iso desaparecen. A exportación de electricidade non supón sobreabundancia nin enerxética nin eléctrica, se a houberse non serían precisas as importacións de enerxía primaria para mantela. Outra cousa é preguntarnos sobre se esas exportacións están a condicionar calquera posibilidade de incremento do consumo interno. Neste caso, deberíamos preguntarnos se é desexábel ese incremento do consumo e qué custes sociais e ambientais tería. E se incremento do consumo sería, como no pasado e na actualidade, en beneficio dun grupo reducido de grandes corporacións multinacionais, de acordo coas dinámicas sociometabólicas que indiquei anteriormente.

Desde a miña perspectiva, o que debería poñerse en cuestión é o papel de intermediación enerxética de Galiza, tanto como fornecedor de enerxía para o exterior, como de lugar de asentamento de actividades intensivas en enerxía. Cómpre lembrar que do vínculo entre xeración e grandes empresas consumidoras nace a configuración actual do sector enerxético. E lembrar que polo sistema tarifario existente no pasado estas empresas pagaban un prezo moito menor que o resto da sociedade, de forma que era o groso da poboación o que subvencionaba indirectamente con tarifas máis elevadas as rebaixas aos grandes consumidores.

E isto lévame a outro dos temas, a problemática do acceso á enerxía pola poboación en xeral e, en particular, polos grupos sociais máis desfavorecidos. Se partimos dunha definición de pobreza enerxética como a que figura na Proposición de lei, é dicir, aquela situación na que unha unidade de convivencia “ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) á súa vivenda”, xorden varias consideracións.

Non pode obviarse que os prezos da electricidade nos fogares téñense incrementado no Estado español un 63% entre 2007 e 2013 (OCDE, 2013). Nese período a suba na Unión

Europea foi do 35%. E desde o 2013 non deixaron de subir. No caso do gas a situación é aínda máis desfavorábel. Isto fai do Estado español un dos países con tarifas máis caras (o quinto país da UE). É suficientemente coñecida a perda de poder adquisitivo das familias en todo o Estado español durante a crise, polo que inevitabelmente a carga dos custes enerxéticos foise facendo cada vez maior para un número tamén maior de fogares. Sendo máis pobre a sociedade tamén aumenta a pobreza enerxética. Talvez só por detrás dos alimentos e a auga, a enerxía emerxe como un elemento determinante á hora de establecer uns mínimos vitais considerados dignos. Sendo así, cabería afirmar que o acceso á enerxía debería ser universal e estar asegurado cando menos nunha cantidade que permita esas condicións de vida dignas. Desde esta perspectiva, a enerxía debería ocupar un papel central na sociedade e non ser tratado como unha cuestión sectorial ou ocasional, superábel con pequenas reformas. Baixo esta consideración, mesmo sería pertinente utilizar un concepto máis amplo e ambicioso que o de pobreza enerxética, que nos fala dunha condición temporal, e pasar a falar de vulnerabilidade enerxética que nos remite a problemas de maior calado e cun carácter máis estrutural: por qué determinados individuos, fogares ou estratos sociais son máis vulnerábeis e son susceptíbeis de chegar máis facilmente a unha situación de pobreza enerxética (Bouzaroski e Petrova, 2015). Mais centrareime na cuestión da pobreza enerxética, como actuar contra ela? Na miña consideración, cabe actuar de varias maneiras, non necesariamente excluíntes nin enumeradas por ningún orde de importancia:

- Mellorar a situación económica das familias. Talvez a máis obvia das accións. Evitar situacións de pobreza económica severa ou de exclusión social, garantindo uns ingresos mínimos afecta a unha mellora de todo tipo de gastos, incluídos os enerxéticos.
- Reducir os gastos enerxéticos. Aquí están involucrados tanto o consumo como o prezo da enerxía. En situacións económicas familiares severas, a redución do consumo enerxético é na práctica case inviábel porque con certeza este xa se terá reducido todo o que é posíbel e máis. Non obstante, debería repensarse como sociedade cal é o fin último para o que utilizamos a enerxía, cales deses usos son secundarios ou se existen ou deberían existir fórmulas diferentes, privadas ou públicas, de alcanzar eses fins. É dicir, se todo aquilo para o que utilizamos a enerxía no ámbito doméstico podería ser fornecido doutro xeito con menos cargas económicas directas para as familias (por exemplo, o transporte). Tamén deberíamos reflexionar sobre cal é o nivel que poderíamos ou deberíamos considerar básico. O outro elemento que entra en xogo nos gastos enerxéticos son os prezos. Se consideramos que a enerxía nun determinado nivel a considerar é unha necesidade básica, cabería establecer un prezo básico que garanta o acceso de todo o mundo até ese nivel. Só a partir de aí, pensar noutros criterios de carácter máis mercantil, penalizando consumos que poidan considerarse claramente estragadores ou superfluos. Isto é aplicábel á electricidade mais tamén debería ser para outro tipo de enerxías.

- Facilitar que as unidades de convivencia, a título individual ou colectivo (aldeas, comunidades de veciños, barrios) poidan desenvolver sistemas de obtención de enerxía fóra das canles do mercado ou con fórmulas que permitan dispor dun mínimo de autoabastecemento. Tal é o caso das formas de xeración distribuída hoxe penalizadas.

Como debería ser ese sistema tarifario eléctrico? Na verdade habería que comezar dicindo como non debería ser. E non debería ser o que agora é. A poucos se lle escapa que nun mercado oligopólico como é o eléctrico no Estado español, os prezos son calquera cousa menos un xogo libre da oferta e a demanda. Non existe ese mercado libre porque non é libre o acceso á xeración de electricidade –menos aínda desde que se penaliza a xeración distribuída, ou cando as esixencias económicas ou técnicas para certos proxectos só poden ser cumpridas por un número moi escaso de empresas-, non é libre o acceso á distribución –por estar sometida a un monopolio natural por zonas-, e non é libre o acceso á comercialización –aínda cando o acceso é máis factíbel que nos casos anteriores, pártese dun statu quo dificilmente alterábel e de clara desvantaxe para novos axentes, cunha carteira de consumidores asentada en torno a tres grandes grupos e coa imposibilidade de integración vertical da xeración, distribución e comercialización nun mesmo grupo como existe nas grandes eléctricas-. Deste modo, os grupos empresariais que compran e venden son os mesmos para a maior parte da electricidade, de forma que as ganancias e perdas son só comprensíbeis como grupo e non por empresa. Ademais, o mercado eléctrico está regulado de xeito que a fixación de prezos acaba premiando de diversos modos aos mesmos grandes grupos. As centrais de carbón e ciclo combinado acaban por determinar o prezo de todas as tecnoloxías, nun absurdo contábel que escandalizaría en calquera outro ámbito. Imaxinemos se non qué sucedería se o prezo de todos os artigos comprados en calquera mercado viñese marcado polo máis caro de todos eles. En definitiva, os custes computados á xeración de enerxía non se corresponden con custes reais senón cun criterio contábel que os eleva artificialmente.

A isto deben sumarse outros elementos que entran na fixación do prezo final da electricidade, como son as peaxes de acceso que, sen dúbida, tamén deben ser cuestionadas por diversas razóns. Se os custes de xeración están artificialmente establecidos, nas peaxes de acceso aparecen elementos varios de diversa natureza e que, en conxunto, poden chegar a supor o 40% do recibo da electricidade dun fogar. Entre eles están os montantes que corresponden a déficits tarifarios de anos anteriores. Estes déficits derivan non dun desaxuste entre ingresos obtidos polas empresas e os custes reais de xeración, senón dos ingresos por tarifa e de custes ficticios imputados por mor do sistema antes comentado que tende a sobrevalorar os mesmos, o que explica que, entre outras cousas, as empresas eléctricas continúen a ter considerábeis beneficios a pesar de ditos déficits. Tamén se computan nas peaxes de acceso agregados de carácter compensatorio ás empresas eléctricas como primas ás renovábeis ou por



custes de pagamentos por capacidade a centrais de ciclo combinado, ou tamén pagamentos a grandes consumidores como o servizo de interrompibilidade. Outro agregado é, por exemplo a xestión de residuos nucleares. É cando menos significativo que se consideren igualmente os custes imputábeis á construción dun modelo enerxético máis sustentábel con outros que derivan de aparentes decisións erróneas de investimento das eléctricas (caso das nucleares ou centrais de ciclo combinado: de facto convértense en investimentos vantaxosos cando o Estado ou a cidadanía se fai cargo dos sobrecustes de investimento ou da xestión dos residuos que estas xeran). É dicir prémíase do mesmo modo unha acción para aumentar a sustentabilidade que para o seu contrario. É urxente unha revisión destes conceptos aquí incluídos: parte deles deberían ser imputados directamente ás empresas e non aos consumidores finais, ou directamente eliminados. Tamén é cuestionábel que as peaxes sirvan como forma retributiva a grandes consumidores cando non existe ningunha fórmula semellante para os pequenos consumidores que desta forma asumen parte desa retribución aos que máis consumen. Con estes cambios as peaxes de acceso con certeza serían inferiores, como tamén o serían os custes de xeración imputados e, en consecuencia, menores serían os déficits de tarifa calculados. En definitiva, todo o sistema tarifario é o que está en cuestión.

Finalmente referireime aos sistemas de compensación polos impactos negativos tanto a nivel social como ambiental. O aspecto máis destacado ao que me quero referir é que deberíamos poñer en cuestión o feito mesmo da posibilidade de compensación se esta é medida en termos monetarios e valorada con criterios mercantís. Ningún val asolagado por un encoro, ningunha aldea desaparecida e ningunha poboación desprazada por un encoro ou unha mina de carbón a ceo aberto pode valorarse monetariamente de modo que digamos que ese valor constitúe o valor intrínseco ou restaura o ben ou servizo ambiental perdido ou restitúe o dano moral, familiar ou cultural desaparecidos. Hai elementos de carácter social e ambiental que son inconmensurábeis monetariamente. Outra cousa é un valor de carácter indemnizatorio. Do mesmo modo que unha vida humana non se ve compensada pola indemnización dun seguro de vida pagado á súa familia, tampouco se pode compensar todo dano ambiental ou social. Na miña opinión, deben diferenciarse dous ámbitos de actuación:

1. Sobre os impactos negativos sociais e ambientais que xa se teñen dado
2. Sobre os impactos negativos sociais e ambientais que poderían darse no futuro

Comezarei por estes últimos. Partindo da consideración de inconmensurabilidade monetaria dos danos ambientais e sociais, estes deberían evitarse en extremo. Polo tanto, calquera actuación de xeración, transporte, distribución ou consumo enerxéticos susceptíbeis de causar ditos danos, deberían ser obxecto dun escrutinio escrupuloso e ter as máximas garantías e estar sometida aos estándares sociais e ambientais máis esixentes. Sería desexábel, desde a miña perspectiva, que ditos proxectos novos

contasen coa participación activa no capital das administracións públicas (autonómicas ou locais), dos veciños afectados, das comunidades locais, etc. A este respecto debo dicir que o que sucede nos últimos tempos é moitas veces o contrario, dándose unha flexibilidade cada vez maior aos promotores e dificultándose o control social ou rebaixándose os estándares ambientais. Unha indemnización a posteriori ou un imposto ou cánon posterior non deixa de ser un mal parche a un problema grave que en nada o soluciona.

No primeiro caso, qué facer cando o dano xa está causado? Aquí caben varias posibilidades. Por orde de importancia:

- Restituír no posíbel a situación que se daba previamente ao dano, o que nalgúns casos é sumamente complexo. Sempre é mellor unha reparación parcial que a ausencia da mesma.
- Compensar monetariamente ás persoas, colectivos, comunidades ou administracións afectadas. Pódese facer por varias vías:
  - o Dar unha participación na propiedade da empresa responsable
  - o Destinar parte das ganancias á compensar aos afectados
  - o Gravar impositivamente os danos ambientais
  - o Dar beneficios vía prezos aos afectados

Neste último caso, é onde cabería falar dunha tarifa eléctrica diferenciada, considerando o conxunto da sociedade galega como suxeito que sofre ditas afectacións. En todo caso, considero que esa posibilidade non debería levar a que a redución tarifaria fose indiferenciada para toda a sociedade. Por exemplo, os grandes consumidores deberían ter unha penalización e non un beneficio tarifario, xa que en parte son atribuíbeis a eles moitos dos danos ambientais e sociais que se derivan do actual sistema enerxético. Pola contra, cando o consumo contribúa a usos colectivos, ou onde se acometan medidas de aforro enerxético, debería obterse unha compensación.

En resumo, considero que debe entrarse nun debate amplo sobre a situación enerxética, onde se considere o papel que debe xogar Galiza no contexto español, onde se consideren os usos enerxéticos que debería haber para evitar situacións de emerxencia enerxética futura, onde se faga unha revisión completa do sistema tarifario eléctrico, tanto no cálculo dos custes de xeración, como do déficit enerxético ou das peaxes de acceso, e onde se contemple como actuar diante de danos ambientais e sociais pasados e futuros.

Espero ter contribuído un pouco a encetar este debate.

Moitas grazas

BOUZAROVSKI, S., e PETROVA, S. (2015). "A global perspective on domestic energy deprivation: Overcoming the energy poverty–fuel poverty binary". *Energy Res. Soc. Sci.* 10, 31–40. Recuperado de:

<https://www.escholar.manchester.ac.uk/api/datastream?publicationPid=uk-ac-man-scw:261257&datastreamId=POST-PEER-REVIEW-PUBLISHERS.PDF>

DOLDÁN, Xoán e VILLASANTE, Sebastián (2015), "El metabolismo socioeconómico de Galicia, 1996-2010". En: CARPINTERO, Óscar (dir.), *El metabolismo económico regional español*, Madrid: FUHEM Ecosocial, p.621-690. Recuperado de:

[https://www.fuhem.es/media/cdv/file/biblioteca/Metabolismo/Cap.\\_decimo\\_Metabolismo\\_socioeconomico\\_Galicia\\_X.Doldan\\_S.Villasante.pdf](https://www.fuhem.es/media/cdv/file/biblioteca/Metabolismo/Cap._decimo_Metabolismo_socioeconomico_Galicia_X.Doldan_S.Villasante.pdf)

INEGA (2010), *Distribución del consumo de electricidad en Galicia*. Recuperado de:

[http://www.inega.gal/sites/default/descargas/enerxia\\_galicia/consumo\\_electricidad\\_sectores.pdf](http://www.inega.gal/sites/default/descargas/enerxia_galicia/consumo_electricidad_sectores.pdf)

INEGA (2017), *Balance enerxético de Galicia, 2015*. Recuperado de:

[http://www.inega.gal/descargas/publicacions/Balance\\_enerxetico\\_Galicia\\_2015\\_gal.pdf](http://www.inega.gal/descargas/publicacions/Balance_enerxetico_Galicia_2015_gal.pdf)

OCDE (2013). *OECD framework for statistics on the distribution of household income, consumption and wealth*. París. Recuperado de:

<http://www.oecd.org/statistics/framework-for-statistics-on-the-distribution-of-household-income-consumption-and-wealth-9789264194830-en.htm>